

**DECRETO NÚM.:****ASUNTO:**  
**CONVOCATORIA CONCELLO PLENO SESIÓN EXTRAORDINARIA**

Motivación celebración sesión extraordinaria: Logo de ver que a adxudicación actual das subvencións nominativas teñen defectos que ocasionan reparos por intervención, e que aprobando o novo Plan evitaríanse estes reparos.

Logo de ver que o prazo de solicitude do POS+2020, que debe ser aprobado polo Pleno da Corporación, remata o vindeiro día 19 de decembro de 2019 (xoves).

E non pudiendo esperar estes asuntos a estudarse na vindeira sesión ordinaria da Corporación municipal.

Enterado da relación de expedientes e logo de ver os artigos 50 e seguintes do R.D. 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidade Locais (en adiante ROF), e demais lexislación concordante,

### RESOLVO

**Primeiro.-** Convocar a **SESIÓN EXTRAORDINARIA do CONCELLO PLENO** o día **17 DE DECEMBRO DE 2019 (MARTES)**, ás **10:00 horas (dez da mañán)**, en primeira convocatoria, a celebrar no **SALÓN DE PLENOS DA CASA DO CONCELLO**, coa seguinte

#### ORDE DO DÍA

<b>1</b>	<b>1º PLAN ESTRATÉXICO DE SUBVENCIÓNS 2020-2023 DO CONCELLO DE SANTA COMBA</b>
<b>2</b>	<b>APROBACIÓN PARTICIPACIÓN PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS) "POS+2020"</b>

De acordo co artigo 90 do ROF, no caso de non existir quórum suficiente en primeira convocatoria (un tercio do número legal de membros da corporación), entenderase convocada a sesión automaticamente á mesma hora, dous días máis tarde.

**Segundo.-** Pola secretaría levaranse a cabo os trámites necesarios para a notificación dos membros da Corporación municipal, que deseguido se relacionan, quedando notificado/s coa sinatura/remisión da presente resolución.

<u>APELIDOS E NOME</u>	<u>GRUPO POLÍTICO</u>	
ANTELO ÁLVAREZ , JESSICA	PSdeG-PSOE	<b>REMITIDA POR CORREO ELECTRÓNICO</b>
BARBEIRA GARCÍA, DAVID	Grupo mixto (CxG)	<b>REMITIDA POR CORREO ELECTRÓNICO E NOTIFICADA POLA POLICÍA LOCAL</b>
CANCELA BLANCO, SILVIA	PP	<b>REMITIDA POR CORREO ELECTRÓNICO</b>
ESPASANDÍN MARTÍNEZ, JOSÉ MARÍA	PSdeG-PSOE	<b>NOTIFICADA POLA POLICÍA LOCAL</b>
ESPASANDÍN TURNES, MARÍA ESTHER	PP	<b>REMITIDA POR CORREO ELECTRÓNICO</b>
FAJÍN BARREIRO, CRISTINA	PSdeG-PSOE	<b>REMITIDA POR CORREO ELECTRÓNICO</b>
GARCÍA SUÁREZ, JOSÉ	PP	<b>NOTIFICADA POLA POLICÍA LOCAL</b>

IGLESIAS MOURO, MANUEL ANDRÉS	PP	REMITIDA POR CORREO ELECTRÓNICO
POSE RODRÍGUEZ, MARIA JOSEFA	PP	REMITIDA POR CORREO ELECTRÓNICO E NOTIFICADA POLA POLICÍA LOCAL
RODRÍGUEZ TORREIRA, JOSÉ MANUEL	PP	REMITIDA POR CORREO ELECTRÓNICO
RUZO BLANCO, BLANCA MARÍA CARMEN	PSdeG-PSOE	NOTIFICADA POLA POLICÍA LOCAL
TURNES ROMERO, CARLOS	PSdeG-PSOE	REMITIDA POR CORREO ELECTRÓNICO
UCHA VELO, JOSÉ ANTONIO	PSdeG-PSOE	NOTIFICADA POLA POLICÍA LOCAL

Esta resolución notifícarase en cumprimento do artigo 40 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, coa indicación que:

Esta resolución, ao abeiro do art. 114 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, pon fin á vía administrativa e contra ela poderá optar por:

a) Interpor, con carácter potestativo, recurso de reposición perante este órgano, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da notificación da presente resolución, nos termos dos art. 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

b) Con posterioridade á resolución expresa ou presunta do recurso de reposición, ou directamente, poderá interporse recurso contencioso administrativo, ante os xulgados do Contencioso Administrativo no prazo de dous meses contados desde a resolución expresa do recurso de reposición ou 6 meses dende a súa resolución presunta. No caso de interporse o recurso contencioso-administrativo directamente, o prazo será de dous meses contados dende a notificación deste acto.

c) O recurso extraordinario de revisión, de acordo co art. 113 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ou calquera outro que estime procedente.

Santa Comba,  
 O alcalde

Dou fe, a secretaria xeral por acumulación  
 (P.R. da DXAL do 02/08/2019)

David Barbeira García

Ana Beatriz Oveja Villafañe